



ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS CCOO, CSIF E UGT PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN DE ESTABILIDADE NO EMPREGO DOS SERVIZOS PÚBLICOS



As partes representadas neste Acordo son plenamente conscientes de que o persoal ao servizo da Administración Pública da Xunta de Galicia contribuíu, de xeito notable e directo, á recuperación económica e ao cumprimento dos compromisos adquiridos polo Goberno galego en materia de consolidación do gasto público, soportando unha parte importante do esforzo de austeridade levado a cabo no último período.




Os servizos públicos experimentaron durante o período de crise un importante aumento da temporalidade no emprego.



Consideramos que unha elevada taxa de temporalidade no emprego non é conveniente nin para os profesionais nin para o funcionamento dos servizos públicos que se prestan á cidadanía.



Unha vez iniciado o primeiro paso co Acordo para a mellora do emprego público asinado o día 29 de marzo de 2017 entre o Ministerio de Hacienda e Función Pública e as Organizacións sindicais CCOO, UGT e CSIF semella axeitado adoptar, na Comunidade Autónoma de Galicia, co maior grao de consenso posible as políticas de persoal que nos permitan reducir a actual taxa



de temporalidade no emprego para acadar a plena estabilidade dos nosos cadros de persoal.

Como consecuencia do anterior, en uso da habilitación potestativa que a Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017 outorga ás Comunidades Autónomas, e recollendo as propostas que trasladaron as organizacións sindicais, as partes representadas neste acordo, no marco de negociación referido ao conxunto do persoal ao servizo da Xunta de Galicia

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto do acordo.

O presente acordo ten por obxecto o desenvolvemento dunha iniciativa plurianual planificada dirixida a incrementar a estabilidade no emprego público dependente da Xunta de Galicia, co obxectivo de reducir a taxa de temporalidade ata situala na contorna do 7% e sen prexuízo dos acordos sectoriais que posibiliten acadar unha taxa menor.

Segundo.- Ámbito de aplicación.

O presente acordo será de aplicación ao emprego público dependente da Xunta de Galicia que se concreta nos seguintes ámbitos de representación:

- Mesa sectorial de funcionarios públicos e do persoal laboral
- Mesa sectorial de persoal docente
- Mesa sectorial de persoal estatutario

- Mesa sectorial de persoal de xustiza, coas especificidades en materia de selección e provisión propias deste ámbito.

O presente acordo tamén será de aplicación ás entidades do sector público autonómico que contén con persoal ao que se refire o apartado 6 do artigo 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, nos termos previstos na propia lei.

Terceiro.- Oferta de Emprego Público.

A Xunta de Galicia e as organizacións sindicais asinantes concorren na necesidade de adoptar decisións en materia de taxa de reposición para fornecer os efectivos no conxunto dos sectores que a integran, con pleno respecto aos límites e regras de gasto establecidos.


Nesta oferta de emprego público se fomentará a utilización da promoción interna nos termos nos que se negocie en cada ámbito sectorial.

As prazas que se oferten á promoción interna non computarán aos efectos de taxa de reposición, sen prexuízo das especialidades de cada ámbito sectorial.

No ámbito da Xunta de Galicia, para o período de vixencia do presente acordo, aprobaranse ofertas de emprego ordinarias e tamén de estabilización.

Cuarto.- Plan de estabilidade

Para estes efectos, a Xunta de Galicia acollerase ás previsións establecidas na Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017.




As taxas de reposición que se aplicarán a estes procesos serán as previstas no artigo 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, totalizando unha cifra superior ás 14.750 prazas (cifra provisional e orientativa).

Considéranse sectores prioritarios os recollidos no Acordo para a Mellora do Emprego Público asinado o día 29 de marzo de 2017 e segundo se implemente na lexislación básica estatal.




Quinto.- Medidas en favor da redución de emprego temporal.



5.1.- En desenvolvemento do plan de estabilidade que é obxecto deste acordo, as ofertas de emprego poderán abranguer en cada un dos sectores e ámbitos as prazas que veñan estando ocupadas por persoal cunha vinculación temporal que reúna os requisitos aos que fai referencia o artigo 19.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, de forma que se poida reducir ao longo dos próximos tres anos nun máximo dun 90% as prazas ocupadas de forma temporal e a cifra do persoal cunha vinculación temporal existente a data de 31 de decembro de 2016.




Todo iso coa finalidade de reducir a temporalidade en cada un dos sectores, para reforzar a estabilidade dos cadros de persoal, sen que ao finalizar o período se produza de novo un incremento das taxas de temporalidade, que deben manterse na contorna do 7% e sempre dentro dos límites e regras do gasto establecidos.




5.2.- A articulación destes procesos selectivos garantirán en todo caso o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade. En cada ámbito poderá ser obxecto de valoración entre outros méritos, no seu caso, o tempo de servizos prestados á administración unicamente na fase de concurso.



Estes procesos serán desenvolto a través dos oportunos sistemas de concurso-oposición previamente negociados nas respectivas mesas sectoriais. A puntuación da fase de concurso será polo valor máximo legal permitido segundo a regulación que exista en cada sector.




Previo ao desenvolvemento do correspondente proceso selectivo garantirase a oferta das respectivas prazas mediante a convocatoria de procesos de provisión de mobilidade voluntaria agás se propoña outra cousa no ámbito das respectivas mesas de seguimento.



Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal interino ou eventual estatutario na mesma situación nos termos do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde.




5.3.- De conformidade co previsto no artigo 19.4 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017 a convocatoria de prazas de carácter estrutural do persoal laboral que estean cubertas



por un indefinido declarado non fixo por sentenza xudicial non computará a efectos da taxa de reposición.



Tampouco computará a efectos da taxa de reposición a convocatoria de prazas que, nos termos previstos na disposición transitoria cuarta do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estean dotadas orzamentariamente e, dende unha data anterior a 1 de xaneiro de 2005, estean ocupadas ininterrompidamente de forma interina ou temporal. A estas convocatorias seralles de aplicación o previsto no apartado terceiro da citada disposición transitoria do Estatuto Básico do Empregado Público.



Sexto.- Desenvolvemento das medidas.

A Xunta de Galicia incorporará ao anteproxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 as medidas necesarias para o cumprimento do presente acordo.




Sétimo.- Comisión de seguimento.

Constitúese unha comisión de seguimento coas funcións de interpretación e control do presente acordo que estará composta por un membro por cada unha das organizacións sindicais asinantes, ou adheridas ao mesmo, e un número igual de membros por parte da administración. Presidirá a persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública ou persoa na que este delegue e será secretario un funcionario público con rango de subdirector xeral ou xefe de servizo, que actuará con voz pero sen voto.






Serán de coñecemento desta comisión as certificacións establecidas no artigo 19.5 da Lei 3/2017, do 27 de xuño de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017.



En cada un dos ámbitos de representación establecidos no punto segundo deste acordo crearanse subcomisións de seguimento para atender ás especificidades dos procesos en cadanseu sector. Estará composta por un membro por cada unha das organizacións sindicais asinantes, ou adheridas ao mesmo, e un número igual de membros por parte da administración. Presidirá a persoa titular da Dirección Xeral ou persoa na que este delegue e será secretario un funcionario público con rango de subdirector xeral ou xefe de servizo, que actuará con voz pero sen voto.



Oitavo.- Ampliación do acordo



No suposto de que con posterioridade á sinatura do presente acordo se adoptasen medidas normativas que habilitasen a posibilidade de ampliar o seu ámbito material e subxectivo, as partes as adoptarán no ámbito da Mesa Xeral de Empregados Públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.



Noveno.- Vixencia do acordo.



O presente acordo será eficaz dende a súa sinatura e resultará de aplicación ás ofertas de emprego público do período 2017-2020, despregando os seus efectos durante o prazo abondo para a execución das medidas nel propostas.

Décimo.-Publicación.

O presente acordo será publicado no Diario Oficial de Galicia. Autorízase ao persoal designado pola dirección xeral da Función Pública para a realización dos trámites ante a autoridade laboral conducentes ao seu rexistro e publicación.

Santiago de Compostela, 18 outubro de 2017

Pola administración:

O director xeral da Función Pública



Asdo.: Jose María Barreiro Díaz.

O director xeral de Xustiza



Asdo.: Juan José Martín Álvarez

O director xeral de Centros e Recursos Humanos



Asdo.: José Manuel Pinal Rodríguez

A directora xeral de Recursos Humanos



Asdo.: Margarita Prado Vaamonde

Polas organizacións sindicais:

Por CCOO




Asdo.: José Manuel Ramos Varela

Por CSIF



Asdo.: José Francisco Méndez Castro

Por UGT



Asdo.: Delia Irene Martínez Conde